

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN RELACIÓN COA INCLUSIÓN NO SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO QUE CURSA PRÁCTICAS CURRICULARES DO GRAO EN ENFERMARÍA POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA DE LUGO DURANTE O ANO 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, formalizaron o 16/02/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a súa sinatura até o 31/12/2024, con posibilidade de prórrogas anuais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a inclusión, por parte da Universidade de Santiago de Compostela, no sistema da Seguridade Social dos estudantes que cursen o grao en Enfermaría na Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo e que realicen prácticas externas curriculares nos centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Os estudantes da Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo realizan prácticas externas curriculares no Hospital Universitario Lucus Augusti e en centros de atención primaria dependentes do Servizo Galego de Saúde.

O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na que se regula a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Segundo esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, nos termos desta disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnos

universitarios e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster, doutorado, así como as dirixidas á obtención dun título propio da universidade, xa sexa un máster de formación permanente, un diploma de especialización ou un diploma de experto.

As persoas que realicen estas prácticas quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social, e o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou organismo que financie o programa de formación ou, no caso de que o sistema estea cofinanciado, á entidade ou organismo ao que corresponda facer efectiva á contraprestación económica e, no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización, se dispoña que tales obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa.

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a colaborar coa Consellería de Sanidade para a inclusión no sistema da Seguridade Social dos estudantes que cursen o grao en Enfermaría na Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo e que realicen prácticas externas curriculares nos centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

